

ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 07/02/2024

TIPOLOXÍA: CHOIVAS E VENTOS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa, no seu boletín N.º 13/71GAL_C_C_AM_TT das 11:08 horas do día 07/02/2024, dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **AMARELO** por **CHOIVAS**, que afectará a **A CORUÑA (Noroeste e Interior), PONTEVEDRA** a partires das 03.00h e **OURENSE (Noroeste, Miño e Sur)**, a partires das 06.00h do 07/02/2024. Espérase unha precipitación acumulada de 60 l/m² en 12h na provincia de OURENSE, PONTEVEDRA e A CORUÑA (Interior) e de 50 l/m² en 12h en A CORUÑA (Noroeste).

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) tamén informa, no mesmo boletín, dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **AMARELO** por **VENTO** de sur a suroeste, que afectará a **A CORUÑA (Noroeste, Oeste e Suroeste), Lugo (A Mariña, Montaña)** a partir das 20.00 h do 07/02/2024, **PONTEVEDRA (Rías Baixas, Miño) e Ourense (Montaña)**, a partir das 06.00 h do 08/02/2024 con refachos máximos de 90 Km/h. E en **A CORUÑA (interior)** a partir das 21.00 h do 08/02/2024 e **Lugo (centro, sur), Ourense (Noroeste, Miño, Sur) e Pontevedra (interior)**, a partir das 06.00 h do 08/02/2024. con refachos máximos de 80 Km/h.

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa, no mesmo boletín de fenómenos meteorolóxicos adversos de nivel **LARANXA** por **CHOIVAS** (acumulación de 80 mm. en 12 h.) en A Coruña (Oeste e Suroeste) que comenza ás 03.00 horas do día 08/02/2024 e por **VENTOS** en A Coruña (Noroeste, Oeste, Suroeste) e Lugo (A Mariña) con refachos de 100 km/h a partir das 00.00 do día 08 de febreiro.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es